

A Coruña, 15 de novembro de 2016

Fundación Repsol e a Refinería entregan as Bolsas de Formación Profesional


O complexo industrial de Repsol na Coruña acolleu esta tarde o acto de entrega a 20 alumnos do Programa de Bolsas de Formación Profesional neste curso 2016-2017 e recoñeceuse o esforzo realizado polos 15 alumnos bolseiros no curso anterior.

O complexo industrial de Repsol na Coruña acolleu esta tarde nas súas instalacións o acto de entrega das Bolsas FP de Fundación Repsol - Refinería da Coruña onde se entregou a primeira parte da bolsa de becas aos 20 estudantes seleccionados do programa neste curso 2016-2017 e fíxose entrega dos recoñecementos aos alumnos bolseiros no curso anterior 2015-2016.

Luis Felipe Llamas, director da Refinería, M^a Pilar Rivera, directora da área de educación de Fundación Repsol e Dácil Suarez, subdirectora de Persoas & Organización do complexo industrial han presidido o acto ao que asistiron case un centenar de persoas entre alumnos, familiares, docentes e directivos dos centros educativos. Este programa de bolsas é unha iniciativa de Fundación Repsol en colaboración cos Complexos Industriais de Repsol e Petronor, que nace co obxectivo de promover a Formación Profesional como unha opción educativa, mellorando a capacidade de empleabilidade dos mozos. No curso 2016/2017 concedéronse un total de 100 bolsas, das cales 20 foron para alumnos da contorna da Refinería da Coruña. Ademais, desde a posta en marcha do programa, case un centenar de alumnos da Coruña e Arteixo beneficiáronse destas axudas.

BOLSEIROS

Vinte alumnos que cursan os seus estudos nos centros educativos CPR Plurilingüe Liceo A Paz, Karbo e Cruz Vermella Española; nos IES A Sardiñeira, Fernando Wirtz Suárez, Urbano Lugrís; así como nos C.I.F.P. Ánxel Casal e Someso obtiveron as 15 bolsas para Grao superior e as 5 para Ciclo formativo de Grao medio, cunha contía de 800 euros cada unha.



Preto de douscentos estudantes solicitaron as axudas duplicando as solicitudes de anos anteriores. Esta edición presentou varias novidades, destacando a utilización dunha plataforma informática e novos criterios de selección, xa que se tiveron en conta tanto as certificacións académicas, como variables económicas e familiares. Así mesmo ampliáronse as familias profesionais, podendo acceder ás bolsas aqueles alumnos que cursan estudos de Formación Profesional de Grao Medio e Grao Superior das seguintes áreas: Electricidade/Electrónica, Fabricación mecánica, Instalacións e mantemento, Edificación e obra civil, Enerxía e auga, Química, Informática e comunicacións, Administración e xestión, Comercio e Marketing, Sanidade e Seguridade e medio ambiente.

Ademais, en liña co compromiso de Repsol e a súa Fundación coa integración social e laboral das persoas con capacidades diferentes, reservouse un 5% das bolsas para estudantes cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.